




• **Ti non xogas-S.Gómez Xurxo- Xerais:** No recreo, Rober non deixa a Suso xogar ao fútbol e ningún compañeiro di nada. A pesar do seu enfado Suso botará man da fantasía , coa axuda de Phanti, para solucionalo.

E ademáis: Isto é París e Isto é Londres, de Miroslav Sasek, Zimbo, de A.Abad, A nai do heroe, de R.Malo, O espantallo, de X.Agrelo, A coitada Lúa, de R.Morlán ou Larpancia saborosa do lobo e a raposa, de Bernardino Graña


3º CICLO

• **Memorias dun neno labrego- X.Neira Vilas-Galaxia:** Hai 50 anos que se editou por vez 1ª. Nesta coidada edición, ilustrada por X.Marín, non perdas a ocasión de coñecer a Balbino, ao seu can, familia, veciñ@s...



• **Que desfeita!-P.Jennings-Galaxia:** Se queres divertirte seriamente, este é o teu libro do verán. Relatos curtos para botar unha ollada diferente ao cotiá. Ollo!!! A editorial advirte que non é apto para alérxic@s á risa.

• **Noah Barleywater escapa da casa-J.Boyne-Factoría k:** Noah escapa da casa para non enfrentarse aos seus problemas e na súa fuga chega a unha tenda de extraños xoguetes. O artesán da tenda iniciará a Noah nunha viaxe que o fará medrar en moitos aspectos. Un relato cheo de maxia que te enganchará ata o final.



• **Águeda e o misterio dos calcetins-P.Señaris-Galaxia:** A Águeda vaiselle complicar a súa metódica, ordenada e cómoda vida "urbanita" cando vai vivir ao campo. Afortunadamente ten a compañía do fidel Pitelo para sobrelevar tanta aventura...

E ademáis: Do A ao Z con Castelao, de Concha Blanco, Do A ao Z con Neira Vilas, de M.Canosa, Violeta Tamurana, de A.Maceiras, Fábula Galénica, de I.Vilariño, A miña tía avoa Dolores e o Círculo dos Animais Excluídos, de J.L. Caramés, Golfiño e os invasores, de Fausto ou O diario violeta de Carlota, de G.Lienas (para as nosas mozas de 6º, que xa están preparadas para lelo)

Mamases, papases, prof@s, avós, avoas e adult@s en xeral

• **Unha lectora fóra do común-A.Bennett-Rinoceronte:** Reflexión en clave de humor sobre a lectura e os problemas que conleva para a corte e familia da raíña inglesa cando a descubre, grazas aos seus cans e un mozo da cociña.

• **Tardes con Margueritte-M-S.Roger-Galaxia:** Outro libro sobre a lectura, neste caso coma acompañamento, coma descubrimento e cambio. Dúas soidades compartidas, a dunha anciá lectora e a do nada instruído Germain. Humor e ternura mesturados fronte á tristeza da vida.



A BIBLIOTECA